

A FAMILIA DÍAZ CORRAL

A casa desta familia, no Camiño de Cornido, no Couto, Narón, foi durante a ditadura franquista, nos anos da guerra e a posguerra, ata 1954, un refuxio seguro e solidario para moita xente perseguida pola súa militancia política e sindical e as súas ideas de progreso. Foron moitos os que se salvaron dunha morte certa grazas á xenerosidade sen límites dos seus propietarios que non regatearon sacrificios, chegando incluso a perder a súa vida.



Rudesindo Díaz Beceiro (Narón, 1897-1952) era carpinteiro de ribeira na Sociedad Española de Construcción Naval, “a Construtora”, e afiliado á CNT. Casara en 1922 con **Benigna Corral Yáñez**, (Valdoviño 1904 - Narón 1939) natural do Porto do Cabo, que axudaba a manter a economía familiar cultivando unha pequena horta e vendendo no mercado de Ferrol.

Tiñan dous fillos **Benigna** (1924-2017) e **Rudesindo** (1926-1954) **Díaz Corral**. Binucha e Sindito.

A pequena era unha nena feliz que ía á escola a Xuvia e gozaba aprendendo e pintando. Coa prematura morte da nai tivo que deixar os estudos e facerse cargo da casa. Casaría aos 22, con **José Manuel Cores Martínez** (Pontedeume 1923 – Ferrol 1983), delineante en Bazán. Tiveron unha filla: **María Benigna (Nina)** e pasaron a vivir a Ferrol.

Sindo, aos 14 anos, entrou a traballar en Fenya, como torneiro, aínda que non tiña boa saúde.

Cando se produce o golpe militar, en xullo de 1936, esta familia, de firmes principios solidarios e de esquerdas, convértese – como outras moitas da comarca - nun sostén fundamental para moita xente perseguida e agochada.

Rudesindo prepara na bodega da casa, baixo o banco de carpinteiro, cunha trapela ben disimulada, un agocho onde se resgarda temporalmente moita xente. Ás veces, ata seis persoas xuntas. Ao mesmo tempo auxilian con alimentos ou acubillo e, sobre todo, con agarimo, a familiares dos presos.

Axuda tamén, co seu bote, xunto a outras familias da zona, a trasladar republicanos agachados durante a guerra, que en 1939 se fan con vapores pesqueiros en Ferrol e Ares e marchan cara á liberdade, chegando a Francia.

Pasados os peores anos de persecucións masivas, esta necesidade vai diminuindo e céntrase máis en atender e dar apoio a membros da guerrilla.

Morto Rudesindo en 1952, o seu fillo Sindo segue protexendo aos perseguidos, especialmente a “Pancho”¹ que fora compañeiro do seu pai en Bazán e con quen mantiñan unha longa e estreita amizade.

O 19 de novembro de 1954 a Garda Civil sorprende a Pancho na casa, quen aínda ferido logra fuxir. No mesmo momento, os gardas, en represalia asasinan a Sindo. A súa irmá Binucha e o seu cuñado José Manuel Cores pasan no cárcere 17 días. El sofre maltrato e castíganos seis meses sen soldo.

A Pancho mátanos poucas datas despois, o 31 de decembro, na súa terra natal de Ombre, Pontedeume.

Non foi esta a única familia solidaria. É unha delas e representa a moitas que, con innumerables sacrificios, valeron a tantas vítimas do terror, mantendo alta a dignidade dun pobo.

A todas elas, a veciñanza e o Concello de Narón renden aquí lembranza e agradecemento.

Outros traballos relacionados:

Entrevista a María Benigna Cores Díaz (Nina), neta, filla e sobriña dos protagonistas.

Heroes esquecidos: A familia Díaz Corral. Relato de Siro López Lorenzo.

Francisco Martínez Leira, “Pancho”. A historia dunha fuxida sen retorno. De Lupe Martínez. Cátedra. Revista eumesa de estudos. Xuño, nº 15, 2008, págs. 7-17.

BIBLIOGRAFÍA:

A represión franquista en Galicia: actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4 a 7 de decembro de 2003. Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005
BARRERA BEITIA, E.; FERNÁNDEZ, E.: A fuxida do Bou Ramón. Deputación da Coruña. 2018.
BARRERA BEITIA, E.; GONZÁLEZ MAURIZ, B.: Retallos da memoria (I). Asociación C. Memoria Histórica Democrática. EQUONA, D.E., S.L., 2007.

MARTÍNEZ, L.: Francisco Martínez Leira, “Pancho”. A historia dunha fuxida sen retorno. CATEDRA. Revista eumesa de estudos, nº 15. Pontedeume 2008.


ARQUIVOS:

Rexistros civís de Cedeira, Narón e Valdoviño.

Arquivo de Manuel Fernández Pita.

Arquivo da A.C. Memoria Histórica Democrática.

GALICIANA. Biblioteca Dixital de Galicia.



MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA
<<O pobo que non coñece a súa historia, está condenado a repetila>>



¹ Francisco Martínez Leira “Pancho” (Pontedeume 1916-1954) veciño de Mugarodos, operario da Construtora, afiliado ao PC, que ao ser descuberto incorpórase á guerrilla en 1948.